

Cando debuxa un garabato, o neno síntese atraído e abraiado pola continuidade da liña. Polo seu percorrido. O neno non está interesado nunha fin determinada nin en representar unha figura concreta. Só está mergullado nese trazo continuo que se abre camiño sobre o branco do papel, amosándolle, paso a paso, as posibilidades de recoñecemento e apropiación do espazo. É así como podemos pensar no debuxo como a creación sensorial dun lugar, como unha vagabundaxe ó garete que salienta o presente e racha co ritual cotián. Como mínimo, deberíamos pensar en esvaecer toda ilusión ideolóxica respecto ao progreso tecnolóxico; e considerar que algo gañamos cando restituímos á acción e ao pensamento humanos esa dimensión ineludible da torpeza, cos seus aspectos caseiros, o seu núcleo non especializado de mecánica popular e a súa desestruturada experimentación pueril. Os obxectos poden ser tan complicados como queiramos, tan complexos como a mesma historia da filosofía, mais cando se chega aos grandes feitos do pensamento e da conceptualización, o que debemos recuperar é a ruda simplicidade, cando non a inxenuidade, coa que deciden bater unha rocha contra outra (Fredric Jameson).

A finais da década de 1960, e como expresión do desencanto producido pola sofisticada tecnoloxía dunha cultura industrial, xurde o

earthwork

, chamado tamén

land art

, ou arte da paisaxe. Ven a ser unha proposta artística na que a mesma intervención na paisaxe constitúe a obra e, polo tanto, non pode ser exhibida no espazo pechado dunha galería ou dun museo. Dada a dificultade de levalos a cabo, a maioría dos

earthwork

só existen, e se expoñen, como simples proxectos, expresados en debuxos, esquemas, diagramas, planos, maquetas ou fotografías, o que amosa a súa estreita afinidade coa arte conceptual

. Segundo o antropólogo Leví- Strauss, o traballo nas sociedades primitivas non está definido polo proxecto do que se vai a construír, senón polos materiais e ferramentas das que dispoñen.

O scat é un xeito de cantar jazz onde se utilizan frases e sons sen palabras no lugar da letra, nunha imitación improvisada da interpretación instrumental. Supoñemos que o nome provén de scatty, esquecedizo, pois é lóxico pensar que xurdiu cando un cantante se esqueceu da letra. Louis Armstrong ten a reputación de ser o primeiro que gravou en disco un tema cantado en scat,

Heebie jeebies

, no ano 1926.

(

Para min, o scat é un garabato feito co son. É como debuxar garabatos que se esvaecen no aire)

Reconcíliome co lugar / mínimo / arquipélago de signos / rotos / Flocos / esmorecidas nimpheas pintadas / na auga que flúe / baixo a miña fráxil ponte / xaponesa.

Da música do pianista e compositor Thelonius Sphere Monk (1917-1982) podemos salientar unha improvisación baseada nun tratamento aparentemente rudo e desaxustado das harmonías, o seu carácter lúdico, unha mínima densidade e un irónico sentido da elipse.

Escoitar a Monk semella construír un crebacabezas sen o modelo da tapa.

Cada cidadán medra ao seu xeito, tanteando as súas posibilidades, poñendo en xogo os seus talentos e aptitudes e asociándose para despregalos. □ Esta procura dun sentido para a propia vida, contribúe, na súa expansión democrática, a debuxar un espazo que, inmune a todo determinismo, precisa flexibilidade, lixeireza e capacidade de improvisación perante os cambios de escenario. Un modelo que, a semellanza do maquis que loita tras as liñas inimigas, descentraliza as xestións, reduce o tamaño e aforra enerxía, ampliando e mellorando, en dimensión e rapidez,□ a comunicación entre□ núcleos dotados de iniciativa, responsabilidade, medios e capacidade de decisión. Gústame pensar que, na medida que academos un sentido da cooperación que substitúa ás distintas formas de rivalidade, poderíamos gozar das posibilidades dunha vida mais consciente, ampla, rica, móbil e aberta.